

## NOTA DE PRENSA

# Os pacientes máis habituais nos balnearios galegos son mulleres de máis de 60 anos con doenzas reumatolóxicas dexenerativas

## Os futuros médicos galegos prepáranse para coñecer que tipos de augas mineiromedicinais son as máis axeitadas para cada enfermidade

---

*Santiago de Compostela, 9 de maio de 2014 (Vía Láctea Comunicación).*- Os alumnos da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia participan mañá sábado nunha sesión práctica no balneario de Lugo. Durante a xornada, que se desenvolverá entre as 11:00 e as 18:00 horas, abordarase o tratamento de pacientes reumatolóxicos con balneoterapia. A directora médico do balneario lucense, **Ascensión Sánchez**, mostraralles aos futuros facultativos como se asiste a estes enfermos.

A doutora **Sánchez** sinala que para tratar este tipo de doenzas reumatolóxicas as augas mineiromedicinais máis apropiadas son as sulfuradas, pola súa capacidade analxésica, antiinflamatoria e de estimulación da circulación. Salienta que están recomendadas de xeito específico para combater artroses de calquera localización -en xeonllos, cadeiras ou columna-, lumbalxias, ciáticas e as habituais dores musculares no pescozo. No caso da reparación de tecidos brandos están indicadas para tratar tendinites ou outras inflamacións de tendóns ou articulacións. Ademais, a doutora destaca que se pode abordar a artrite reumatoide xuvenil.

En canto ao tipo de tratamento, a doutora explica que cando o paciente chega ao balneario sométese a un exame médico e o facultativo recoméndalle unha cura individualizada, en función do seu estado xeral e da fase evolutiva da enfermidade reumatolóxica. A balneoterapia baséase en baños (en bañeira normal ou de burbullas), chorros termais ou duchas circulares. Estas técnicas poden completarse coa aplicación de parafangos na zona afectada, xunto con masaxes e fisioterapia en seco ou en piscina, onde se realizan exercicios de mobilización das articulacións.

Segundo a doutora, o perfil tipo dos pacientes con enfermidades reumatolóxicas nos balnearios galegos son mulleres de máis de 60 anos, con disposición a padecer este tipo de reumatismos dexenerativos.

O grupo de estudantes de Medicina da Universidade de Santiago coñecerá na sesión de mañá sábado as diferentes técnicas de balneoterapia que se aplican no balneario de Lugo e as propiedades terapéuticas das súas augas mineiromedicinais. Ademais, terán a oportunidade de probar os diversos tipos de chorros, baños, piscinas e duchas dispoñibles no establecemento termal.